



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O mes de novembro é tradicionalmente o **Mes da Ciencia**. Numerosas entidades organizan actividades de divulgación científica e tecnolóxica, dirixidas a todos os públicos, co obxectivo de achegar a ciencia, a tecnoloxía e a innovación á sociedade dun xeito lúdico.

O **Día da Ciencia en Galego**, impulsado por Igaciencia e celebrado onte 4 de novembro, abriu o calendario de actos. Nesta ocasión os científicos galegos homenaxeados foron **Carlos Gómez-Reino Carnota**, catedrático de Óptica da USC finado en 2012, e **Isidro Parga Pondal**, ilustre xeólogo e un dos científicos galegos de maior relevo. A elección de ambas figuras responde á celebración en 2015 de dúas efemérides a nivel internacional o Ano Internacional da Luz e das tecnoloxías baseadas na Luz e o Ano Internacional dos Solos.

Varias entidades se sumaron á celebración desta data, como a **Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística** que organizou unha videoconferencia do neurocientífico e divulgador Xurxo Mariño ante máis de 6.500 estudantes de ESO e Bacharelato de toda Galicia ou a **Universidade de Santiago de Compostela** a través do Museo de Historia Natural, as súas bibliotecas e o Servizo de Normalización Lingüística. Tamén **Igaciencia** organiza a exposición “A ciencia e a tecnoloxía da Luz” que estará en Santiago de Compostela, Lugo e A Coruña.

Pero as actividades non rematan esta semana, se non que se estenden a todo o mes de novembro. A Delegación do CSIC en

Galicia proxectou un amplo **programa de actividades** que inclúe teatro, obradoiros, exposicións, charlas, etc.; os **Museos Científicos Coruñeses** acollerán a feira de tecnoloxía aberta OSWDem e teñen entrada gratuíta aos museos durante a semana do 9 ao 15 de novembro; o MUNCYT da Coruña programa dúas **conferencias** para conmemorar o século da Teoría da Relatividade; a Escola de Minas da Universidade de Vigo organiza **visitas guiadas ao centro**; a Universidade da Coruña e Educabarrié celebran a feira **UDCienciaBarrié**, os días 26-28 de novembro; e a Rede de Bibliotecas de Galicia ten un **programa de actividades** para celebrar o mes da ciencia en galego nas súas bibliotecas.

Por último, Tecnópole acolle a décima edición da feira **Galiciencia**, do 18 ao 20 de novembro en San Cibrao das Viñas (Ourense), na que se exporán 80 proxectos escolares e que conta co apoio da Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN).

Podes acceder a unha axenda completa das actividades de divulgación científica en Galicia a través da web **Divulgacion360** de GAIN.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.